



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

A MOURA E AS MOEDAS DE OURO

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0013_003_id716_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0013_003_id716.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN: 0:01:48

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 2000
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** A Rodeleira
 - Parroquia:**
 - Concello:** Vilamartín de Valdeorras
 - Provincia:** Ourense
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Xosé Fernández Pérez
 - Ano de nacemento:**
 - Idade no momento da recollida:** 55
- **RECOLLEDOR/ORA:** Susana López Fernández
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** O carbón convertido en ouro
 - Tipo:** Contos de maxia ou marabillosos
 - Subtipo:** Tarefas sobrenaturais
 - Referencia:** 476 AT



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmoste en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

NOTAS SOBRE O TEXTO

Neste conto reflíctense algúns dos estereotipos de xénero presentes en moitos relatos de tradición oral doutras épocas que na actualidade non están vixentes.

BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.
- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreia.
- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, lenda, moura, tesouro

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

No Outar de Pregos dicen que había unha moura, na Pedra da Barca - hai unha pedra que lle chaman a da Barca e é unha pedra abaladoira, unha pedra de abalar; ten un punto de apoio e o resto está abalando no aire -.

Entonces, dicen que elí vivía unha moura e que se peinaba cun peine que cando iban os pastores por elí que atopaban os cabelos no suelo donde se peinaba e que eran de ouro.

Entonces había unha señora do pueblo que... non, un home, un home que lle levaba sempre lume. Todo as noites lle levaba lume, pa que eles tuvieran calor elí arriba, os mouros e tal. Entonces parece ser que lle levaba un garabullo con lume todas as noites.

E unha noite díxolle a moura, dixo:

– Mañá marchó, pero no obstante vouche deixar un reghalo. – E colleu e envolveulle nun *pañuelo*, nun pano, envolveulle unhas cousas e dixo: – mañá á mañá ó amanecer, ó salir o sol, podes abrílo e eso é pa ti e pa túa muller.

Entón colleu e o home baixou e contoullo á muller, e dice:

– Pois mira pasoume esto ca moura, dice que marcha de eí, e tal e deixoume este regalo.

E a muller, claro, como avariciosa, dice:

– Seguro que che é ouro, como os cabelos eran de ouro, seguro que o que che deixou que é ouro.

Entonces colleu e abriu o pano e dice:

– Pero non podes abrir que non pode ser hasta mañá.

Dice:

– Boh, déixate de bobadas! - E colleu e abriu; pero non o abriu muito, abríuno un pouco e eran carbois, eran carbois todos.

Entonces o día seguinte, colleu a muller e xa claro, xa salira o sol e todo, colleu o pano e foino sacudir pa tirar os carbois aqueles e, claro, onde quedou unha arruga que nunca abriu os carbois, eran tres monedas, tres monedas de ouro.

Entonces a avaricia foi a que a levou a perder o resto.